

**RESOLUCIÓN DO CONSELLO REITOR DO 11 DE OUTUBRO DE 2007:
ADXUDICACIÓN DE AXUDAS AO SECTOR ESCÉNICO E MUSICAL,
NA SÚA MODALIDADE "B": AXUDAS Á DISTRIBUCIÓN**

1.- Modalidade B-1 (Axudas para a distribución exterior de espectáculos de artes escénicas e musicais):

PERSOA SOLICITANTE	Nº REX.	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA	OBXECTO DISTRIBUC.
NUT TEATRO, S.L.	1898	1.316,04 €	156,11 €	Actuación na <i>"Sala Triángulo"</i> de Madrid
TEATRO ALLA SCALA 1:5, S.L.	2532	1.203,46 €	903,46 €	<i>"Amadís de Algueres"</i> , na Sala <i>"Cuarta Pared"</i> (Madrid)
TEATRO ALLA SCALA 1:5, S.L.	2533	3.752,26 €	2.972,26 €	Xira do espectáculo <i>"Unha de amor"</i> en Colombia
TEATRO ALLA SCALA 1:5, S.L.*	2556	724,80 €	544,80 €	<i>XII Festival de Títeres</i> en Cazalla de la Sierra (Sevilla)
TEATRO ENSALLE, S.L.L.	2686	2.750 €	1.250 €	Teatro <i>"Fray Mocho"</i> de Buenos Aires (Arxentina)
Cía. NOVA GALEGA DE DANZA ("TRINTAETRES, S.C.")	300 (resolta)	5.962,33 €	4.402,33 €	Asistencia Festival de Danza <i>"ESCENA"</i> (Navarra)
TÍRES CACHIRULO, S.L.L.	2734	10.020,80 €	5.844 €	Xira en Granada e Sevilla de <i>"AINTERNACIONAL T."</i>

* Para a satisfacción da cantidade asignada á Cía. de Teatro *"Artello-Teatro Alla Scala 1:5, S.L."* con destino á súa participación no *XII Festival de Títeres* en Cazalla de la Sierra (Sevilla), deberá aportar xunto coa xustificación de gatos o contrato de actuación coa organización, debidamente asinado.

2.- Modalidade B-2 (Axudas para a asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical):

PERSOA SOLICITANTE	Nº REX.	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA	OBXECTO DISTRIBUC.
FALCATRUADA IMAXE E MÚSICA, S.L.L.	2642	699,35 €	699,35 €	Asist. ao Fest. musical <i>"POPKOMM-07"</i>
NORDESÍA PRODUCCIÓNS, S.L.	2662	1.309,98 €	677,99 €	Asist. ao Fest. musical <i>"POPKOMM-07"</i>
NORDESÍA PRODUCCIÓNS, S.L.	2663	2.637,90 €	1.312,74 €	Asistencia ao <i>"Mercat de Música Viva"</i> , de Vic
NORDESÍA PRODUCCIÓNS, S.L.	2737	927,42 €	376,45 €	Asistencia ao <i>"BAM"</i> , en Barcelona

Esta resolución de concesión de axudas é definitiva na vía administrativa, consonte co disposto no art. 10.1 do Decreto 287/2000, e contra ela caberá interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de **dous meses**, a contar dende o día seguinte á data da súa notificación e previa comunicación ao órgano que ditou o acto, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Porén, esta resolución poderá ser tamén recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación e ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos arts. 116, 117 e demais concordantes da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; todo isto de conformidade co establecido no apartado 4º da Cláusula NOVENA da presente convocatoria de axudas.

Así mesmo, e consonte co establecido na Cláusula DÉCIMO SEGUNDA, epígrafe 1.1º, os beneficiarios destas axudas terán a obriga de comunicar ao **IGAEM** a súa aceptación por escrito no prazo máximo de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da recepción efectiva da notificación da concesión.

No suposto de non comunicarse esta aceptación, entenderase que o beneficiario renuncia a esta axuda e perderá todo dereito á súa percepción.

Santiago de Compostela, o 11 de outubro de 2007